Unha vez acreditado o cumprimento de todos os requisitos, a autoridade competente procederá ao nomeamento dos/as aspirantes como persoal funcionario de carreira, mediante resolución que será publicada no Boletín Oficial da Provincia (BOP).

A adxudicación dos postos de traballo ofertados efectuarase seguindo a orde de puntuación final obtida no proceso selectivo e atendendo ás peticións dos/as interesados/as, sempre que cumpran os requisitos específicos de cada posto.

**10.5. Toma de Posesión**

O prazo para tomar posesión será de un mes, contado desde o día seguinte á publicación do nomeamento no Boletín Oficial da Provincia (BOP).

A falta de toma de posesión no prazo sinalado, salvo causa de forza maior debidamente xustificada e apreciada polo órgano competente, implicará a perda da condición de persoal funcionario.

**UNDÉCIMA. Bolsa de Traballo**

Constituirase unha bolsa de traballo coas persoas que, tendo superado a fase de oposición, non resulten nomeadas para a praza convocada. A bolsa ordenarase de maior a menor segundo a puntuación final obtida no proceso selectivo, aplicando os criterios de desempate establecidos na base oitava destas bases.

Para formar parte da bolsa será requisito indispensable ter superado todos os exercicios da fase de oposición, obtendo a cualificación mínima esixida en cada un deles.

A bolsa de traballo terá unha vixencia máxima de tres (3) anos, contados a partir da data da súa aprobación mediante resolución do órgano competente. Esta vixencia poderá ser prorrogada, por unha soa vez e por un novo período de ata tres (3) anos, mediante resolución expresa e motivada do órgano competente, sempre que persistan as necesidades do servizo que xustificaron a súa creación.

**DUODÉCIMA. Protección de Datos**

Os datos persoais recollidos no marco deste proceso selectivo serán tratados polo Concello de Cervo, como responsable do tratamento, coa finalidade de xestionar a presente convocatoria de emprego público. O tratamento está lexitimado polo cumprimento dunha misión realizada en interese público. Os datos poderán ser publicados de acordo cos principios de publicidade e transparencia que rexen o acceso ao emprego público, respectando en todo caso a normativa vixente en materia de protección de datos.

**DÉCIMO TERCEIRA. Recursos**

A presente convocatoria, as súas bases e cantos actos administrativos se deriven da mesma e da actuación do Tribunal Cualificador que poñan fin á vía administrativa, poderán ser impugnados polas persoas interesadas potestativamente mediante recurso de reposición no prazo dun mes ante o mesmo órgano que os ditou, ou ben directamente ante a Xurisdición Contencioso-Administrativa no prazo de dous meses, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

**DÉCIMO CUARTA. Anexos**

ANEXO I: Modelo de solicitude e declaración xurada.

ANEXO II: Temario (Materias comúns e específicas).

A Alcaldesa,

Dolores García Caramés

Asinado dixitalmente

Anuncio publicado en: Num BOP 254 año 2025 (05/11/2025 08:00:00)

**ANEXO I**

**MODELO DE INSTANCIA**

D/ª.......................................................................................... provisto/a de D.N.I. n.º ................................

con enderezo R/ ............................................................................................. n.º ............. piso ................

C.P .............................. Localidade ......................................................... Municipio .......................................

Provincia ...................................... Teléfono ...........................................................................................

**EXPÓN**

Que vista a convocatoria é a selección de un (1) Auxiliar Administrativo/a (Subgrupo C2) como funcionario de carreira do Concello de Cervo

**DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE,**

a.- Ter nacionalidade española, ou ter nacionalidade doutro Estado sempre que se cumpran os requisitos do artigo 57 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, respecto do acceso ao emprego público de nacionalidade doutros estados.

b.- Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto de traballo.

c.- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse inhabilitado para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente, nin ter sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, non mesmos termos o acceso ao emprego público.

d.- Ter cumpridos 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

e.- Autorizar ao Concello de Cervo para o tratamento dos meus datos de carácter persoal de conformidade co establecido nas bases da convocatoria que rexen o presente procedemento.

f.- Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desenvolvemento do posto de traballo e o exercicio dos correspondentes cometidos.

TÍTULOS QUE DECLARA POSUÍR E RELACIÓN DE MÉRITOS ALEGADOS:

- 
- 
- 
- 
- 
- 
- 
- 
- 

Por todo o cal, **SOLICITO** que, de conformidade co disposto nos artigos 49, 50 e 52 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, en concordancia co disposto nos artigos 55 e 56 do Texto Refundido da Lei de Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, admítase esta solicitude para o proceso de selección de persoal referenciado.

En Cervo, a ................... de ................................ de 2025

Asdo. .............................................................................

SRA. ALCALDESA DO CONCELLO DE CERVO

Anuncio publicado en: Num BOP 254 año 2025 (05/11/2025 08:00:00)

**ANEXO II: TEMARIO PARTE COMÚN**

TEMA 1. Constitución española de 1978. Estrutura. Título preliminar. Os dereitos e deberes fundamentais, as súas garantías e suspensión. A reforma constitucional.

TEMA 2. Goberno: Composición e funcións. As Cortes Xerais. Relacións entre o Goberno e as Cortes Xerais.

TEMA 3. A organización territorial do Estado na Constitución Española. O sistema de distribución de competencias entre o Estado e as Comunidades Autónomas: competencias exclusivas, compartidas, concorrentes, de desenvolvemento e de execución. O Estatuto de autonomía de Galicia: Título preliminar. O poder galego: o Parlamento. A Xunta e o seu presidente. As competencias de Galicia.

TEMA 4. Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Disposicións xerais. Os interesados no procedemento. A actividade das Administracións Públicas: normas xerais de actuación. Termos e prazos.

TEMA 5. O municipio: concepto e elementos. Territorio e poboación. Alteración de termos municipais na lexislación básica e autonómica. A provincia. Competencias. Outras entidades locais. Mancomunidades, comarcas e outras agrupacións de municipios. As áreas metropolitanas. As entidades de ámbito territorial inferior ao municipal.

TEMA 6.- Os recursos das facendas locais. Os tributos locais, taxas, prezos públicos e contribucións especiais. A participación nos tributos do Estado e das Comunidades Autónomas. As operacións de crédito. A revisión dos actos de xestión tributaria. A potestade regulamentaria das entidades locais en materia tributaria: as ordenanzas fiscais, contido, tramitación.

PARTE ESPECÍFICA

TEMA 1.- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Os actos administrativos: concepto, elementos, clases. Produción e contido. Forma, motivación. A eficacia dos actos. Nulidade e anulabilidade.

TEMA 2.- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Dis posicións sobre o procedemento administrativo común: Garantías do procedemento. Iniciación. Ordenación. Instrución. Finalización. Execución. A tramitación simplificada do procedemento administrativo común. A revisión de actos en vía administrativa: revisión de oficio. Recursos administrativos.

TEMA 3.- Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público. Dos órganos das Administracións Públicas: órganos administrativos, competencias, órganos colexiados, abstención e recusación. A responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas. O funcionamento electrónico do sector público. Os convenios.

TEMA 4.- Singularidades dos procedementos administrativos das entidades locais. Impugnación dos actos e acordos locais e exercicio de accións. Recursos administrativos e xurisdicionais contra os actos locais. Certificacións, comunicacións, notificacións e publicación dos acordos. O rexistro de documentos.

TEMA 5.- O patrimonio das Administracións Públicas. Os bens das entidades locais. Normativa aplicable. Clases. Bens de dominio público. Bens patrimoniais. Inventario de bens. Utilización de bens de dominio público: réxime xeral das autorizacións e concesións demaniais.

TEMA 6.- Actividade subvencional das entidades locais: normativa autonómica e estatal. Disposicións comúns ás subvencións. Concesións, órganos competentes, beneficiarios e procedementos de concesión.

TEMA 7.- Os contratos do sector público: Obxecto e ámbito de aplicación da Lei de Contratos do Sector Público. Tipos de contratos do sector público. Contratos suxeitos a regulación harmonizada. Contratos administrativos e contratos privados. As partes nos contratos do sector público. Órganos de contratación. Capacidade e solvencia do empresario. Competencia e normas específicas de contratación pública nas entidades locais.

TEMA 8.- Obxecto, orzamento base de licitación, valor estimado, prezo do contrato e a súa revisión. Garantías exixibles na contratación do sector público. Preparación dos contratos das Administracións públicas: expediente de contratación, prego de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas. Adxudicación dos contratos das Administracións públicas.

TEMA 9.- A organización municipal. Réxime ordinario: Órganos necesarios: alcalde, tenentes de alcalde, pleno e xunta de goberno local. Órganos complementarios. As competencias municipais. Réxime de organización dos municipios de gran poboación: Ámbito de aplicación. Organización e funcionamento dos órganos municipais necesarios. Xestión económico-financeira.

TEMA 10.- O sistema electoral local. Causas de inelixibilidade e incompatibilidade. Elección dos concelleiros e alcaldes. Constitución, vixencia e finalización do mandato corporativo. A censura e a cuestión de confianza no ámbito local. O recurso contencioso-electoral.

Anuncio publicado en: Num BOP 254 año 2025 (05/11/2025 08:00:00)

TEMA 11.- Réxime de sesións dos órganos de goberno local: celebración de sesións, debates e votacións. Control e fiscalización do Pleno. As actas. Réxime de delegacións. Estatuto dos membros das Corporacións Locais: adquisición, suspensión e perda da condición de membro da corporación. Rexistro de intereses.

TEMA 12.- O persoal ao servizo das Administracións Públicas. Clases de persoal. Adquisición e perda da relación de servizo. Situacións administrativas. Réxime disciplinario.

TEMA 13.- O persoal ao servizo das Administracións Públicas. Dereitos e deberes dos empregados públicos: Código de conduta. Xornada de traballo, permisos, licenzas e vacacións. Dereitos económicos e protección social. Incompatibilidades.

TEMA 14.- O orzamento xeral das entidades locais: concepto e contido, elaboración e aprobación. Especial referencia ás bases de execución do orzamento. A prórroga do orzamento. A estrutura orzamentaria. O crédito orzamentario. Modificacións de créditos: clases e tramitación. A liquidación do orzamento: contido e tramitación.

TEMA 15.- O imposto sobre bens inmobles. O imposto sobre actividades económica. O imposto sobre vehículos de tracción mecánica. O imposto sobre construcións, instalacións e obras. O imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana.

TEMA 16.- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno: Transparencia da actividade pública. Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais: Disposicións xerais. Principios da protección de datos. Dereitos das persoas. Responsable e encargado do tratamento de datos.

TEMA 17.- Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes: Obxecto e ámbito da lei. O principio de igualdade e a tutela contra a discriminación. Políticas públicas para a igualdade. Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia: As condicións de emprego en igualdade na administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e no sector público autonómico.

TEMA 18.- Funcionamento electrónico do sector público (Cap. V da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Cervo, 31 de outubro de 2023.- A alcaldesa, María Dolores García Caramés.

R. 3037

---

*Anuncio*

**DECRETO**

María Dolores García Caramés, alcaldesa do Concello de Cervo ( Lugo ),

Visto o expediente tramitado para a convocatoria e proceso de selección para a cobertura en propiedade, como persoal laboral fixo, dunha praza de encargado/a de obras, incluída na oferta de emprego público (OEP) do Concello de Cervo para o exercicio 2023, aprobada por resolución da alcaldía nº 1291/2023, de data 22 de decembro de 2023 e publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 296, de data 28 de decembro de 2023, ao 100% da xornada laboral, polo sistema de concurso - oposición.

Visto que na cláusula terceira das presentes bases se recollen os requisitos xerais e os requisitos específicos que teñen que reunir os aspirantes, e atendendo ao prazo de presentación de instancias en tempo e forma aos que fai referencia a cláusula cuarta destas bases.

Visto o informe emitido polo encargado da oficina de información e rexistro do Concello de Cervo no que informa:

"Que analizado o rexistro xeral de documentos sobre o anuncio para a convocatoria e proceso de selección dunha (1) praza de encargado de obras persoal laboral e analizado o Rexistro Xeral de documentos os interesados que presentaron solicitude durante o prazo establecido (do día 5 de setembro ao 2 de outubro), salvo erro ou omisión, son os seguintes:

| INTERESADO/A | Nº REXISTRO DE ENTRADA | DATA DE ENTRADA |
|---|---|---|
| DARIO MODESTO SAN ISIDRO FRANCO | 2025-E-RE-803<br>2025-E-RE-804 | 06-09-2025<br>06-09-2025 |
| DIEGO PENA SOMOZA | 2025-E-RE-816<br>2025-E-RE-817 | 09-09-2025<br>09-09-2025 |
| JOSE ENRIQUE PINHEIRO ARIAS | 2025-E-RC-2937 | 18-09-2025 |

Anuncio publicado en: Num BOP 254 año 2025 (05/11/2025 08:00:00)

| | | |
|---|---|---|
| JACOBO TRELLES RODRÍGUEZ | 2025-E-RC-2941 | 19-09-2025 |
| JAVIER MÉNDEZ BALTAR | REGAGE25e00081965595<br>2025-E-RC 2956 | 19-09-2025<br>22-09-2025 |
| MANUEL GONZALEZ CABRERA | 2025-E-RC-2967 | 22-09-2025 |
| EMILIO CASAL VILLARES | 202-E-RE-905 | 27-09-2025 |

“.

No uso das competencias que a lexislación en materia de réxime local me atribúe,

**RESOLVO**

**PRIMEIRO.**- Designar aos compoñentes do tribunal para a selección dos aspirantes deste proceso selectivo:

Presidente:

José García Insua (tesoreiro accidental do Concello de Cervo)

Vogais:

Pablo Dorado Lanza (arquitecto técnico do Concello do Valadouro)

Marta Sánchez Seivane (arquitecta municipal do Concello de Lourenzá)

Lucía Fanego Candia (administrativa do Concello do Valadouro)

Secretaria:

María Eugenia Piñeiro Díaz (técnica auxiliar de cultura e protocolo do Concello de Cervo)

**SEGUNDO.**- De conformidade coa **cláusula quinta** das bases que rexen este proceso, aprobar a lista definitiva de admitidos e excluídos:

**Admitidos:**

| APELIDOS E NOME | DNI | ACREDITACIÓN GALEGO |
|---|---|---|
| CASAL VILLARES, EMILIO | **5932*** | SI |
| GONZÁLEZ CABRERA, MANUEL | **5946*** | SI |
| MÉNDEZ BALTAR, JAVIER | **8813*** | SI |
| PENA SOMOZA, DIEGO | **2834*** | SI |
| PINHEIRO ARIAS, JOSE ENRIQUE | **8838*** | SI |
| SAN ISIDRO FRANCO, DARIO MODESTO | **9969*** | SI |
| TRELLES RODRÍGUEZ, JACOBO | **8809*** | SI |

**Excluídos:**

– NINGÚN

**TERCEIRO.**- Citar ao tribunal e aos aspirantes conforme co seguinte horario:

**Xoves, día 06 de novembro de 2025:**

**17:00.**- Citar ao tribunal para a súa constitución no Edificio Forem, sito na Avenida de Galicia Nº 6 - Cervo.

**18:00.**- Citar ao tribunal e a tódolos aspirantes para realizar a fase de oposición prevista na cláusula sétima A) das bases que rexen este proceso de selección, no Edificio Forem, sito na Avenida de Galicia Nº 6 - Cervo.

**Venres, día 07 de novembro de 2025:**

**10:00.**- Citar ao tribunal para valorar a fase de concurso prevista na cláusula sétima B) das bases que rexen este proceso de selección no Concello de Cervo, sito en Praza do Concello S/N – Cervo.

Cervo, 3 de novembro de 2025.- A alcaldesa, María Dolores García Caramés. O secretario accidental, Manuel Fra Pedre.

R. 3065

Anuncio publicado en: Num BOP 254 año 2025 (05/11/2025 08:00:00)

# COSPEITO

*Anuncio*

**EXPOSICIÓN PÚBLICA DA APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DO ANEXO DE SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS E B.E.O. 2025.**

Aprobado inicialmente en sesión ordinaria do Pleno do Concello de Cospeito, en data 25/09/2025 a modificación do anexo de subvencións nominativas do orzamento e B.E.O. de 2025, e publicado anuncio de exposición ao público no B.O.P. de Lugo nº. 228 de 03 de outubro de 2025 e non habendo reclamacións de conformidade co acordo adoptado a modificación considerarase definitivamente aprobada, nos seguintes termos:

| ANTERIOR DENOMINACIÓN | NOVA DENOMINACIÓN |
|---|---|
| Asociación fiestas Pino | ASOCIACIÓN FESTAS S. MARTIN DE PINO |
| Asociación Veciñal San Miguel de Roás | COMISIÓN DE FESTAS PATRONAIS PARROQUIA DE ROAS |
| Asociación de veciños xente de Xustás | COMISION DE FESTAS PATRONAIS DA PARROQUIA DE XUSTAS |
| Asociación San Juan de Sistallo | COMISIÓN DE FESTAS PATRONAIS DA PARROQUIA DE SISTALLO |
| Comisión de Festas Patronais da localidade de Vilapene | ASOCIACIÓN VECIÑAL VILAPENE |

Cospeito, 29 de outubro de 2025.- O alcalde, don Armando Castosa Alvariño.

R. 3011

*Anuncio*

Acordo do Pleno do Concello de Cospeito polo que se aproba definitivamente o expediente de modificación de créditos n. º 1/2025 do Orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito.

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 177.2, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, ao non haberse presentado alegacións durante o prazo de exposición ao público, quedou automaticamente elevado a definitivo o Acordo plenario de aprobación inicial deste Concello, adoptado en data 25 de setembro de 2025, de suplemento de crédito.

**ALTAS EN APLICACIONES DE GASTOS**

| **Aplicación** | | **Descripción** | **Créditos iniciales** | **Suplemento de crédito** | **Créditos finales** |
|---|---|---|---|---|---|
| **Progr.** | **Económica** | | | | |
| 453 | 61900 | Inversións de reposición | 265.029,88 € | 1.246,56 € | 266.276,44€ |
| 1532 | 61900 | Inversións de reposición | 46.655,19 € | 6.360,00 € | 53.015,19€ |
| 920 | 22400 | Primas de seguros | 9.400,00 € | 12.265,26 € | 21.665,26€ |
| 920 | 22799 | Outros traballos realizados por outras empresas | 14.000,00 € | 9.901,41 € | 23.901,41€ |
| 320 | 22199 | Outros subministros | 15.000,00 € | 900,00 € | 15.900,00€ |
| 341 | 22799 | Outros traballos realizados por outras empresas | 56.484,09€ | 12.321,06€ | 68.805,15€ |
| 453 | 22699 | Outros gastos diversos | 1.000,00€ | 9.227,28€ | 10.227,28€ |

Anuncio publicado en: Num BOP 254 año 2025 (05/11/2025 08:00:00)

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| 162 | 21400 | Material de transporte | 10.000,00€ | 5.786,36€ | 15.786,36€ |
| | | **TOTAL** | **417.569,16 €** | **58.007,93 €** | **475.577,09€** |

**SUPLEMENTO EN CONCEPTO DE INGRESOS**

| **Aplicación** | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Económica** | | | | **Descripción** | **Presupuestado** | **Recaudado** |
| **Cap.** | **Art.** | **Conc.** | **Subc.** | | | |
| **4** | **42** | **420** | **42001** | **PTE LIQUIDACION DEFINITIVA 2023** | 0,00 | 58.007,93€ |
| | | | | **TOTAL INGRESOS** | **0,00** | 58.007,93€ |

Contra o presente Acordo, en virtude do disposto no artigo 171 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, os interesados poderán interpor directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora de devandita Xurisdición.

Sen prexuízo diso, a tenor do establecido no artigo 171.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, a interposición de devandito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou Acordo impugnado.

Cospeito, 29 de outubro de 2025.- O alcalde, don Armando Castosa Alvariño.

R. 3012

## GUITIRIZ

*Anuncio*

Aprobado por Decreto de Alcaldía o padrón fiscal do servizo de axuda no fogar (SAF) correspondente ao mes de **SETEMBRO 2025**, que comprenden os seguintes recibos:

1.- Padrón das taxas de prestación do servizo público de axuda no fogar (SAF) na modalidade de libre concorrencia e dependencia correspondente a mes de **SETEMBRO DE 2025**, polos seguintes importes:

- Modalidade libre concorrencia: 3.172,23 €

- Modalidade dependencia: 4.857,36 €

Os Padróns quedarán expostos ao público no Concello durante o prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao da inserción do presente edicto no BOP, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobados no caso de que non se produzan reclamacións contra o mesmo.

A cobranza en período voluntario das taxas do padrón do servizo de axuda no fogar (SAF) correspondente ao mes de **SETEMBRO** de 2025, terá lugar no prazo de dous meses dende a publicación do edicto no Boletín Oficial da Provincia, transcorrido o mesmo procederase a esixir as débedas cos xuros de mora e os recargos de acordo coa artigos 26 e 28 da Lei 58/2003 Xeral tributaria.

Os recibos que figuran domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades para o seu cargo nas contas designadas polos contribuíntes.

A presente publicación surtirá efectos de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria

Contra o acordo de aprobación dos correspondentes Padróns, poderá interpoñerse con carácter perceptivo recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, contado dende o día inmediato seguinte ó do remate da exposición pública dos correspondentes Padróns

Guitiriz, 17 de outubro de 2025.- A alcaldesa, Marisol Morandeira Morandeira.

R. 3013

Anuncio publicado en: Num BOP 254 año 2025 (05/11/2025 08:00:00)

# MURAS

*Anuncio*

Exposición pública conta xeral 2024

Formulada e rendida a conta xeral do orzamento deste Concello correspondente ao exercicio 2024 e informada favorablemente pola Comisión Especial de Contas en sesión do dia 24 de outubro de 2025 exponse ao público, cos documentos que a xustifican, no portal de transparencia da sede electrónica do Concello de Muras (https://muras.sedelectronica.gal) polo prazo de 15 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, co obxecto de que os interesados lexítimos poidan examinala e formular por escrito as reclamacións, reparos e observacións que estimen pertinentes, durante dito prazo de exposición, de conformidade co disposto nos artigos 116 da Lei 7/19 85, do 2 de abril, e o artigo 212.3 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Muras, 28 de outubro de 2025.- O alcalde, Manuel Requeijo Arnejo.

R. 3014

---

*Anuncio*

Por Resolución de Alcaldía 2025-0515 de data 23.10.2025, procedeuse á corrección dun erro nas BASES PARA PROVISIÓN EN PROPIEDADE DE 1 PRAZA DE FUNCIONARIO/A DE CARREIRA: ADMINISTRATIVO/A DE ADMINISTRACIÓN XERAL POR QUENDA LIBRE, CORRESPONDENTE Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DE 2025,

Onde di:

c) Estar en posesión do título académico de Graduado en Ensino Secundario obrigatorio (ESO), de Técnico (LOGSE), de Bacharel elemental, de formación profesional de primeiro grao, Graduado Escolar ou titulación equivalente, ou en condicións de obtelo na data de finalización do prazo de presentación de instancias. En todo caso a equivalencia deberá ser achegada polo aspirante mediante certificación expedida para o efecto.

Debe dicir:

c) Estar en posesión ou en condicións de obter na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes o título de Bacharel ou Técnico. Así mesmo, estarase ao disposto na Orde EDU/1603/2009, de 10 de xuño (Boletín Oficial do Estado de 17 de xuño), pola que se establecen as equivalencias cos títulos de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharelato regulados na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación

Muras, 28 de outubro de 2025.- O alcalde, Manuel Requeijo Arnejo.

R. 3015

---

# XOVE

*Anuncio*

Por Decreto de Alcaldía nº 2025-1883, de data 28 de outubro de 2025, aprobouse inicialmente o Padrón da Taxa pola prestación dos servizos de subministración de auga e recollida domiciliaria de lixo correspondente ao cuarto trimestre de 2024.

Por medio do presente ponse no coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago, que dispoñen de un prazo de vinte días, contados a partires da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto do seu exame e presentación das reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevado a definitivo se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se tivese formulado ningunha reclamación contra o mesmo.

Contra o mesmo poderase interpoñer o recurso de reposición no prazo de un mes dende a publicación o presente anuncio, sendo o procedente no caso do canon da auga a reclamación económico – administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación.

PERÍODO DE COBRO

De conformidade co disposto no artigo 24 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario o comprendido entre os días 05 de novembro de 2025 ata 04 de xaneiro de 2026; o ingreso efectuarase preferentemente

Anuncio publicado en: Num BOP 254 año 2025 (05/11/2025 08:00:00)

mediante domiciliación bancaria ou en calquera oficina de Abanca ou Banco Santander no seu horario de atención ao público.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciarase o período executivo, esixíndose as débedas polo procedemento de constrinximento, reportando o recargo de constrinximento, xuros de demora e, no seu caso, as costas que se produzan.

No caso do canon da auga a falta de pago no período voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

O presente anuncio, en ámbolos dous supostos de anuncio de exposición ao público do Padrón e período de cobro en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ó amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro.

Xove, 28 de outubro de 2025.- O alcalde, José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 3016

---

# MINISTERIO DE FACENDA

## BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIÓNS (BDNS) – A PASTORIZA

*Anuncio*

Acordo de data 14 de octubro do Pleno do Concello de Pastoriza polo que se convocan subvencións municipais para actividades culturais, educativas, deportivas, comercio e promoción turística, desenvolvemento local e outras para o ano 2025

BDNS (Identif.): 865389

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións

(https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/865389)

1. OBXECTO E FINALIDADE. Estas Bases teñen por obxecto establecer os criterios e os procedementos para a concesión de subvencións municipais do Concello da Pastoriza para a prestación de servizos ou a realización de actividades que complementen ou suplan ás atribuídas á competencia municipal ou que en xeral contribúan ó fomento dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños do municipio e en xeral dos intereses peculiares do noso municipio, ao abeiro do disposto no artigo 25.2 da Lei 7/1985 de, de 02 de abril, reguladora das bases de réxime local. O procedemento de outorgamento de subvencións se suxeitaran os principios de publicidade, transparencia, concorrencia competitiva, obxectividade, igualdade e non discriminación, eficacia, eficiencia, voluntariedade e non vinculación para futuras subvencións. A concesión das subvencións previstas nas presentes bases tramitaranse en réxime de concorrencia competitiva, sen prexuízo das subvencións nominativas previstas no presuposto xeral. Os fins anteriormente expostos efectuaranse de acordo coa normativa aplicable na materia especialmente a Lei 7/19785, de 02 de abril, reguladora das bases de réxime local , a Lei 5/1997, do 22 de xullo de administración local de Galicia, o Real decreto lexislativo 2/2004, do 05 de marzo polo que se aproba o texto refundido da lei das facendas locais, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvención, o Real decreto 225/1993, do 17 decembro no que non se opoña a está última, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da lei xeral de subvencións, así como as bases de execución do presuposto.

2. ACTIVIDADES SUBVENCIONABLES. O Concello por medio do procedemento previsto nestas bases poderá conceder axudas económicas a asociacións e outras persoas xurídico-privadas debidamente constituídas e a agrupacións de persoas físicas ou xurídicas sen personalidade xurídica, todas elas sen ánimo de lucro, para o desenvolvemento durante o exercicio 2025 de programas e actividades de interese xeral ou sectorial de carácter cultural, deportivas, educativas, comercio e promoción turística, desenvolvemento rural e outras, que incluirán as seguintes áreas:

a) Cultura e música: realización de actividades de fomento e difusión da cultura e da música co fin de dinamizar e estimular a vida cultural no noso Concello como teatro, imaxe, danza, artes plásticas, festas tradicionais e folclore, espectáculos dos diversos estilos musicais, preferentemente da música tradicional, e programas de formación de práctica musical e/ou nalgunha das áreas anteriores.

b) Deportes: realización de actividades de fomento e promoción da práctica deportiva no termo municipal especialmente do deporte na infancia e xuventude e dos deportes tradicionais e autóctonos galegos, así como gastos derivados de participación en competicións oficiais.

Anuncio publicado en: Num BOP 254 año 2025 (05/11/2025 08:00:00)

Tamén poderán ser obxecto de subvención os eventos deportivos especiais, expedicións e rutas de montaña e outras actividades deportivas na natureza.

c) Educación: cursos, seminarios e outras actividades de formación e/ou actividades realizadas polos centros educativos e/ou ANPAS que sexan complementarias dos seus programas educativos.

d) Comercio e promoción do turismo: actividades de fomento e implantación do asociacionismo entre os comerciantes; actividades ou proxectos orientados á modernización, innovación e mellora da eficacia e eficiencia do comercio minorista, como cursos formación, fomento do uso das novas tecnoloxías da información e das comunicacións, deseño e implantación de tales sistemas; actividades de promoción do comercio, campañas específicas de publicidade e imaxe para o sector, feiras ou eventos similares. En materia de turismo actividades de fomento e implantación do asociacionismo no sector; actividades turísticas cun marcado obxecto cultural e de promoción dos recursos turísticos do Concello tales como feiras e eventos gastronómicos, certames e eventos turísticos; actividades de turismo deportivo e rutas turísticas; creación de produtos turísticos; campañas de promoción específicas do sector (aloxamento, restauración, ocio) mediante organización de eventos, campañas publicitarias ou similares.

e) Desenvolvemento rural e sector agropecuario ( dado o notorio interese socio-económico que o sector agropecuario ten no noso Concello): actividades que promovan, coordinen e manteñan o asociacionismo neste sector e participación dos veciños e cooperativas neste ámbito; actividades e programas encamiñados a mellorar a calidade de vida dos veciños, en aspectos relacionados coa agricultura, gandería e horticultura, actividades agroambientais e outras similares, e en definitiva, calquera actividade non produtiva que favoreza ao sector como: cursos de formación, feiras, exposicións e concursos agropecuarios, recuperación de tradicións agropecuarias etc.

f) Xuventude: actividades de fomento e implantación do asociacionismo e da participación do colectivo xove, e en xeral, actividades de carácter socio-educativo, formativo, de animación sociocultural, ocio e tempo libre dirixidas a xoves e/ou que sexan promovidas por asociacións xuvenís ou seccións xuvenís de calquera tipo de asociación.

g) Terceira idade: actividades de fomento e implantación do asociacionismo do colectivo que integra a terceira idade, e en xeral actividades ou eventos dirixidas ás persoas maiores e/ou levadas a cabo por asociacións de persoas maiores e/ou clubes de xubilados, e en xeral actividades que teñan carácter cultural, recreativo e de convivencia, encamiñadas a promover a integración e participación na vida comunitaria do dito colectivo favorecendo o seu mantemento no medio social habitual.

h) Medio ambiente: actividades medio ambientais dirixidas a fomentar a participación da cidadanía neste ámbito, e/ou as realizadas por entidades medio ambientais para contribuír a que acaden os obxectivos que lles son propios, en especial, a realización de proxectos de educación ambiental así como cursos e programas de sensibilización co medio ambiente.

i) Patrimonio Histórico-Cultural: actividades de investigación, promoción e difusión, defensa e conservación do patrimonio histórico cultura do Concello entendendo por tal o patrimonio arquitectónico, arqueolóxico, industrial, natural material e inmaterial, e actividades de fomento da participación da cidadanía neste tipo de actividades. Subvencionaranse programas e actividades nas áreas anteriores, tales como, celebracións, homenaxes, exposicións, publicacións, concursos, certames, mostras, excursións, eventos culturais e musicais, eventos deportivos, encontros, conferencias, cursos de formación, estudos, competicións campionatos, e en xeral actividades dentro das áreas anteriores que promovan e divulguen valores educativos, culturais, deportivos, a defensa da natureza e medio ambiente, a defensa do patrimonio, o fomento da igualdade, e o fomento e divulgación dos recursos naturais, económicos, patrimoniais e turísticos do Concello. Non serán obxecto de subvención as festas patronais das distintas parroquias ou romarías. Serán actividades subvencionables, ao abeiro desta bases, aquelas levadas a cabo no período comprendido entre o 01 de xaneiro de 2025 ao 31 de decembro de 2025.

3. FINANCIAMENTO DAS SUBVENCIÓNS. O gasto derivado das subvencións outorgadas imputarase ás aplicacións orzamentarias do orzamento xeral do exercicio 2024 prorrogado para o 2025 e quedará limitado polo crédito existente na mesma por importe de 20.800,00 que se distribuirán da seguinte maneira:

- actividades culturais: 5.000,00-actividades deportivas: 3.000,00

- actividades educativas: 1.800,00

- actividades de comercio e promoción turística: 5.000,00

- actividades desenvolvemento rural e sector agropecuario: 3.000

- outras (xuventude, terceira idade, medio ambiente e patrimonio histórico-cultural): 3.000,00

No artigo 8 especifícanse as contías máximas que se poderán obter en cada área.

O importe do crédito destinado a esta convocatoria NON poderá incrementarse No suposto de que exista un elevado número de solicitudes procederase ao rateo entre os beneficiarios da subvención, sen que se poida superar o importe global máximo de 20.800,00 euros e o correspondente por cada área.

Anuncio publicado en: Num BOP 254 año 2025 (05/11/2025 08:00:00)

4. Beneficiarios. Poderán ser beneficiarios das subvencións previstas nas presentes bases as asociacións e outras persoas xurídico-privadas xuridicamente constituídas, así como, as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas que non tendo personalidade xurídica poidan levar a cabo os proxectos, actividades ou comportamentos ou se topen na situación que motiva a subvención, e que cumpran as seguintes condicións:

1. Carecer de fins de lucro

2. Estar legalmente constituídas e domiciliadas ou ter a súa sede oficial, ou a súa base territorial no municipio da Pastoriza.

3. Ter debidamente xustificados os gastos correspondentes a subvencións concedidas con anterioridade polo Concello da Pastoriza ou ter presentado xustificación razoada do motivo do incumprimento da obriga de xustificar

4. As entidades que teñan a personalidade xurídica de asociación ou fundación deberán figurar inscritas no correspondente rexistro público.

5. Estar ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. No caso de agrupacións sen personalidade xurídica este requisito deberá ser cumprido por todos os seus integrantes.

6. Non estar incursos en ningunha das causas de incompatibilidade ou prohibición de percepción de subvencións públicas previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións. No caso de agrupacións sen personalidade xurídica este requisito deberá ser cumprido por todos os seus integrantes.

7. No caso de agrupacións sen personalidade xurídica, ademais deberán nomear un representante con poderes bastantes para cumprir as obrigas que como beneficiario lle correspondan á agrupación.

5. FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

5.1 Prazo de presentación. As solicitudes deberán presentarse no prazo de 30 días naturais a partir do seguinte ao da publicación do anuncio de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo

5.2 Lugar de presentación. As solicitudes presentaranse no rexistro xeral de entrada do Concello, ou en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

De acordo co artigo 14.2 da lei 39/2015 de 01 de outubro do procedemento administrativo común, as persoas xurídicas, estarán obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos cas Administracións Públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo.

Polo que solicitude deberá presentarse vía electrónica a través da sede electrónica do Concello https://apastoriza.sedelectronica.gal/info.0

Non se admitirán as non presentadas por este medio

Cada asociación ou entidade só poderá presentar unha solicitude de subvención para un proxecto ou actividade.

5.3 Documentación. Para a solicitude da subvención deberá presentarse a seguinte documentación:

a. Solicitude normalizada conforme ao modelo que figura no Anexo I, debidamente cumprimentada pola persoa interesada, no caso de tratarse de persoa física, ou pola persoa que represente xunto co compromiso de destinar a subvención á execución do obxectivo, proxecto ou actividades que se solicita

b. DNI/CIF do solicitante e, no seu caso do seu representante (excepto para o caso de agrupacións sen personalidade xurídica) xunto con documento acreditativo da representación que posúe na entidade ou asociación solicitante.

c. Fotocopia dos estatutos, ou documentación acreditativa da personalidade xurídica da asociación ou entidade solicitante. Na copia dos estatutos deberá figurar o selo xustificativo da súa inscrición no rexistro público correspondente.

d. No caso de agrupacións sen personalidade xurídica, a solicitude de subvención deberá ser presentada pola persoa física nomeada como representante .

Para a comprobación deste extremo requirirase acompañar a solicitude de copia da acta constitutiva da agrupación subscrita por todos os seus integrantes, onde se autorice á persoa que insta a axuda, a cumprimentar os trámites, a percibir ás cantidades concedidas como subvención e a xustificar a mesma.

Ademais deberán constar os compromisos de execución da actividade asumidos por cada un dos membros xunto coa copia compulsada do DNI de cada un deles. (ANEXO II) - SÓ PARA AGRUPACIÓNS SEN PERSONALIDADE XURÍDICA

e. Memoria explicativa do proxecto, actividade ou programa para a que se solicita a subvención, que incluirá unha memoria descritiva na que se subliñarán os aspectos que permitan unha mellor valoración conforme os

Anuncio publicado en: Num BOP 254 año 2025 (05/11/2025 08:00:00)

criterios recollidos nestas bases e un presuposto detallado dos gastos e ingresos para a súa execución,. A memoria deberá axustarse ao modelo recollido nestas bases (ANEXO IV)

f. Certificado ou documento acreditativo do número de socios/membros da entidade en activo a 01/01/2025 (segundo modelo ANEXO III)

g. Declaración responsable (Anexo v)

- de coñecer e aceptar as bases reguladoras das subvencións

- de cumprir cos requisitos previstos na base 4ª das bases reguladoras

- de non estar inhabilitada nin incursa nalgunha das causas de prohibición para acceder á condición de beneficiaria de subvencións establecidas no artigo 13 da Lei 38/2003 de 17 de decembro, xeral de subvencións e no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvención de Galicia.

- de atoparse ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias coa facenda estatal e autonómica así como coa Seguridade social e co Concello da Pastoriza

- das subvencións solicitadas e recibidas de calquera entidade pública ou privada para a mesma finalidade, e/ou compromiso de comunicar aquelas solicitadas ou concedidas con data posterior á presentación da solicitude

- de que as actividades, proxectos ou programas para os que se solicita a subvención se van a desenvolver nos termos establecidos no proxecto, actividade ou programa presentado

h. Calquera outro documento que se considere de interese para a mellor avaliación da subvención.

O Concello poderá solicitar , se así fora oportuno calquera outro documento que estime conveniente. O texto integro das bases e anexos estarán a disposición dos interesados no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello https://apastoriza.sedelectronica.gal/board

A Pastoriza, 29 de outubro de 2025.- O alcalde, Darío Cabaneiro Santomé.

R. 3017

Anuncio publicado en: Num BOP 254 año 2025 (05/11/2025 08:00:00)